



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONSORCIO LOCAL DE OS PEARES PARA A CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS NA PRAIA FLUVIAL DE OS PEARES.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o Consorcio de Os Peares, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consorcio de Os Peares o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Consorcio de Os Peares, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“construcción de vestiarios na praia fluvial de Os Peares”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional



O Consorcio de Os Peares (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“construción de vestiarios na praia fluvial de Os Peares”**.

Trátase da construción duns vestiarios e aseos para a zona de baño situada no núcleo de Os Peares, aproveitando o semisoto do edificio propiedade do Consorcio nos arredores da zona de baños ou praia do río Bupal.

Así mesmo deixarase unha parte da planta exenta para futuros usos por parte do Consorcio e realizaranse obras na contorna para mellorar a zona para o goce dos bañistas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2016. María Encarnación Rivas Díaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo